

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE BELAS ARTES

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1

1. A Facultade de Belas Artes de Pontevedra inspírase nos principios de igualdade, solidariedade, democracia e liberdade. É deber de todas e todos os integrantes da súa comunidade dar plena efectividade a estes principios e impedir calquera tipo de discriminación e o incumprimento do expresado nos Estatutos da Universidade e no presente Regulamento de réxime interno.
2. A Facultade de Belas Artes de Pontevedra está ao servizo da sociedade como centro público que é, e ten como fins prioritarios:
 - a) A consecución das máximas cotas de calidade na docencia.
 - b) O fomento da procura de novos coñecementos no campo específico das Belas Artes e das materias afíns, a creación artística, o desenvolvemento científico e tecnolóxico e a avaliación dos seus resultados.
 - c) A impartición de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos estudantes, a preparación para o exercicio de actividades artísticas e/ou profesionais e a obtención do título académico correspondente.
 - d) A facilidade, estimulación e acollida das actividades intelectuais e críticas nos campos da cultura e do coñecemento.
 - e) O afondamento na cooperación universitaria nos ámbitos nacional e internacional.
3. A Facultade de Belas Artes procurará que os fins e as tarefas universitarias queden á marxe das determinacións e da vontade de calquera entidade social, política, económica, relixiosa ou ideolóxica.

ARTIGO 2

A Facultade de Belas Artes baseará a súa actuación nos principios de liberdade de cátedra, de investigación e de estudo, así como nos de interdisciplinariedade, pluralismo ideolóxico e participación, segundo os Estatutos da Universidade de Vigo.

TÍTULO I

DO OBXECTIVO, COMPOSICIÓN E FUNCIÓN DA FACULTADE

ARTIGO 3

A Facultade de Belas Artes de Pontevedra é a encargada da xestión administrativa e da organización universitaria conducente á obtención do título académico de Licenciado en Belas Artes, así como da difusión da arte, a creación e a cultura.

ARTIGO 4

Son funcións da Facultade de Belas Artes, de acordo co artigo 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

- a) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes.
- b) Expedir as certificacións académicas solicitadas polos estudantes á Facultade.
- c) Elaborar as propostas de plans de estudo e formular aos departamentos suxestións en materia da súa aplicación e desenvolvemento.
- d) Organizar a docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia aos departamentos, de conformidade cos plans de estudo e aquelas ensinanzas que dean dereito a títulos propios.
- e) Organizar as relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
- f) Aplicar as directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- g) Fomentar, apoiar e achegar os medios materiais existentes na Facultade para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a ela.
- h) Levar a cabo actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte a Facultade.
- i) Administrar os servizos e os equipamentos asignados á Facultade.
- j) Realizar a xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións poidan levarse a cabo.
- k) Participar nos procesos de avaliación de calidade e promoción activa da mellora da calidade e da súa oferta académica.
- l) Facer a proposición ao órgano competente da implantación de novas titulacións.
- m) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións vixentes.

ARTIGO 5

Son membros da Facultade:

- a) Todo o persoal docente ou investigador que realice a súa actividade na Facultade.
- b) Todos os alumnos/as matriculados na Facultade.
- c) O persoal de administración e servizos asignado á Facultade.

TÍTULO II ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 6

Os órganos de goberno da Facultade de Belas Artes son os seguintes:

- a) Órganos colexiados: Xunta de Facultade.
- b) Órganos unipersoais: o decano/a, os vicedecanos/as e o secretario/a.

Para o mellor desempeño das súas funcións, a Xunta de Facultade poderá nomear, a proposta do decano/a, coordinador/a Erasmus-Sócrates, coordinador/a Sicue-Séneca

ou outros coordinadores/as, dependendo das necesidades do centro, cunhas funcións previamente especificadas.

CAPÍTULO I: DA XUNTA DE FACULTADE

ARTIGO 7

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control da Facultade. Está composta polo decano/a, que a preside, e polos membros que a compoñen de acordo co artigo 42 dos Estatutos de Universidade de Vigo:
 - a) O equipo decanal.
 - b) Todo o profesorado funcionario, que constituirá o 51% da Xunta de centro.
 - c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta.
 - d) Unha representación dos estudantes, que constituirá o 30% da Xunta.
 - e) Unha representación do persoal de administración e servizos, que constituirá o 10% da Xunta.
2. Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos e a súa elección rexerese pola normativa vixente da Universidade de Vigo. No caso de vacante dun candidato/a electo na Xunta, procederase a nomear o seguinte candidato/a máis votado na respectiva lista electoral.
3. Perderase a condición de membro da Xunta de Facultade por finalización legal da representación, por petición propia ou por perda das condicións necesarias para ser elixido, de acordo co artigo 28 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

ARTIGO 8

Son funcións da Xunta de Facultade de Belas Artes, de acordo cos Estatutos da Universidade de Vigo vixentes:

- a) Elaborar e aprobar o Regulamento de réxime interno e, no seu caso, modificalo.
- b) Elixir e, no seu caso, revogar o decano/a.
- c) Aprobar a distribución da asignación orzamentaria da Facultade.
- d) Formular os pedimentos do persoal necesario para levar a cabo a administración, funcionamento de obradoiros e laboratorios docentes, e servizos da Facultade.
- e) Establecer os obxectivos educativos da ou das titulacións ao seu cargo e elaborar e aprobar as propostas correspondentes dos plans de estudo.
- f) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos da Facultade.
- g) Mediar e resolver os conflitos que se poidan producir no seo da Facultade.
- h) Promover e coordinar a realización de traballos de fin de grao, teses de doutoramento e de ensinanzas e actividades complementarias, se os houbese, esixidas para a obtención de títulos.
- i) Propor e aplicar as normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- j) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, os horarios das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e

- finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como habilitar medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- k) Coordinarse con outros centros para facilitar a elección por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu currículo.
 - l) Aprobar anualmente os programas de cada materia presentados polos departamentos respectivos.
 - m) Realizar anualmente o encargo de docencia aos departamentos.
 - n) Crear cantas comisións se estimen pertinentes e, no seu caso, fixar os asuntos que poidan ser delegados nelas.
 - o) Calquera outra función atribuída polos Estatutos vixentes da Universidade de Vigo.

ARTIGO 9

1. As convocatorias ordinarias e extraordinarias das Xuntas de Facultade serán comunicadas aos membros das xuntas cunha antelación mínima de 48 horas. Nas convocatorias deberá especificarse a data, lugar e hora da 1ª e 2ª convocatoria, e os puntos da orde do día.
2. Nas convocatorias ordinarias deberán figurar os puntos da orde do día, que incluirán:
 - Lectura e aprobación das actas das sesións anteriores.
 - Informe do decano/a.
 - Rogos e preguntas.
3. A Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao trimestre.
4. A Xunta de Facultade reunirse con carácter extraordinario cando a convoque o decano/a ou cando exista unha petición asinada por un cuarto dos membros da xunta correspondente. Nese caso, na orde do día deberán figurar os puntos fixados na petición, e a convocatoria realizarase para que se celebre nunha data non posterior a dez días hábiles tras a entrega da petición.
5. A documentación relativa aos puntos da orde do día estará a disposición dos membros da Xunta de Facultade dende o mesmo momento da convocatoria na Secretaría do Decanato da Facultade de Belas Artes ou no lugar que se indique na convocatoria.

ARTIGO 10

A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en comisión delegada permanente.

ARTIGO 11

O pleno da Xunta de Facultade estará formado por todos os seus membros e reunirse cando o convoque o decano/a.

ARTIGO 12

As sesións da Xunta de Facultade realizaranse nunha ou máis sesións, non podendo alongarse máis de catro horas unha mesma sesión.

ARTIGO 13

1. A Xunta de Facultade entenderase constituída validamente na primeira convocatoria coa asistencia do decano/a e do secretario/a e polo menos do 50% de seus membros.
2. De non acadar esta asistencia, constituirase validamente en segunda convocatoria, transcorridos 15 minutos, cos membros presentes.

ARTIGO 14

1. A asistencia ás sesións de Xunta de Facultade é un deber para os membros que a compoñen.
2. Co obxecto de facilitar a asistencia dos membros pertencentes á Xunta de Facultade, o decano/a poderá suspender a actividade docente ata un máximo de catro horas na data e hora da segunda convocatoria.
3. O réxime de votación para a toma de acordos da Xunta de Facultade será o seguinte:
 - a) Por asentimento coa proposta do decano/a ou en votación por maioría simple dos asistentes.
 - b) No caso de existir máis de dúas propostas, será acordada aquela que acade a maioría de votos dos membros presentes.
 - c) O voto faise efectivo persoalmente no momento da votación.
 - d) Só poderán ser obxecto de deliberación e acordo aqueles asuntos que figuren na orde do día, salvo estean presenten todos os membros da Xunta de Facultade e voten por maioría a declaración de urxencia do asunto.
 - e) As votacións efectuaranse polo sistema de man alzada, agás cando o decida a mesa ou o solicite algún membro do órgano, en cuxo caso a votación será secreta e por papeleta.
 - f) Iniciado o proceso de votación non se poderá entrar nin saír da sala ata emitir o resultado definitivo.

ARTIGO 15

Se un membro da Xunta de Facultade desexa que se recolla textualmente a súa intervención, deberá comunicalo verbalmente á mesa, entregando por escrito o texto correspondente dentro do prazo dunha semana á data da xunta.

ARTIGO 16

No informe do decano/a nas xuntas de facultade ordinarias, incluíranse os acordos tomados pola comisión permanente delegada da Xunta de Facultade.

ARTIGO 17

1. As sesións da Xunta de Facultade estarán abertas a todos os membros da comunidade universitaria, que poderán asistir a elas sen voz e sen voto, agás cando se lles autorice a palabra polo decano/a previa petición por escrito.
2. Calquera persoa que poida ter interese nos asuntos específicos que se tratarán na orde do día ou poida resultar afectada polos acordos que se tomen, poderá ser invitada a proposta do decano/a, e co visto e prace da Xunta de Facultade, ás sesións, con voz e sen voto.

CAPÍTULO II DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

ARTIGO 18

1. O decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes.
2. O decano/a será elixido pola Xunta de Facultade entre o profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios con dedicación a tempo completo e membro da xunta de centro, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
3. O decano/a cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade.

ARTIGO 19

O decano/a da Facultade, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión da Facultade, e ten as funcións seguintes:

- a) Exercer a representación da Facultade.
- b) Convocar e presidir a Xunta de Facultade.
- c) Executar os acordos da Xunta de Facultade e da Comisión permanente.
- d) Supervisar a dirección do funcionamento dos servizos da Facultade.
- e) Dirixir a xestión ordinaria da Facultade.
- f) Propor, oída a Xunta de Facultade, a apertura de informe previo por parte da Reitoría ou do reitor/a, a calquera membro da Facultade.
- g) Coidar do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente e os presentes estatutos.

ARTIGO 20

1. O decano/a designará, de entre todos os membros da facultade, e no caso do profesorado entre aquela parte que estea acollida ao réxime de dedicación a tempo completo, os restantes membros do equipo decanal, que serán nomeados pola Reitoría ou reitor/a, e que son os vicedecanos/as e o secretario/a.

2. O secretario/a é quen dá fe das actuacións dos órganos de goberno e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas destes e realizar todas aquelas funcións que lle sexan asignadas polo decano/a.
3. Os vicedecanos/as actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o decano/a.

ARTIGO 21

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o decano/a será substituído polo vicedecano/a en quen delegue.

TÍTULO III DAS COMISIÓNS

ARTIGO 22

1. As comisións delegadas actúan por delegación da Xunta de Facultade e son de asesoramento, agás cando esta lles atribúa outro carácter.
2. A Comisión Permanente tamén terá carácter decisorio cando llo atribúan os Estatutos ou calquera outra norma de rango superior.
3. Terán a misión de estudo, asesoramento, proposta de solucións e, se é o caso, resolución de temas concretos e informará dos seus traballos á Xunta de Facultade.
4. As comisións poderán ser estables ou conxunturais. As estables responden a cometidos fixos e as conxunturais constitúense para estudar e resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes. Nestas últimas deberá especificarse a súa finalidade e composición.
5. A pertenza ás comisións é un deber.

ARTIGO 23

1. As comisións estarán presididas polo decano/a ou persoa en quen delegue.
2. Os membros das comisións teñen que ser da Xunta de Facultade. Pérdese a condición de membro dunha comisión por finalización legal do mandato, por pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido/a e pola non asistencia sen causa xustificada a tres sesións seguidas ou cinco alternas.
3. O presidente/a das comisións poderá convidar a calquera outra persoa a participar nelas, con voz pero sen voto.
4. As reunións das comisións celebraranse nas dependencias da Facultade en días hábiles e lectivos. Serán convocadas cunha antelación mínima de 24 horas polo seu presidente/a.

5. No caso dunha vacante nunha das comisións, procederase á elección dun novo membro dentro do sector correspondente no prazo de tempo máis breve posible.
6. Os membros que formen parte dunha comisión delegada serán dispensados das súas tarefas e obrigas docentes na data e tempo que dure a reunión da comisión. Se por calquera circunstancia, as tarefas ou obrigas dunha persoa pertencente á comisión lle impiden asistir á mesma, poderá presentar por escrito escusa da súa ausencia na secretaría do decanato.

ARTIGO 24

1. As comisións estables delegadas da Xunta de Facultade de Belas Artes son:

Comisión permanente.
Comisión de Académica.
Comisión de Relacións Internacionais, Cultura e Actividades

2. As comisións estables constitúense validamente cando concorren o presidente/a e secretario/a, ou no seu caso quen os substitúa, e a metade polo menos dos seus membros. Os seus informes, recomendacións e propostas á Xunta de Facultade serán adoptados por maioría simple.
3. As comisións estables renovaranse coa renovación dun equipo decanal.
4. Das reunións das comisións estables, o secretario/a nomeado pola mesma comisión dentro dos seus membros levantará unha acta por sesión en que figuren os membros asistentes e os acordos adoptados.
5. As actas das comisións estables estarán a disposición dos membros da Xunta de Facultade e a comunidade da Facultade na secretaría do decanato.

ARTIGO 25

Unha vez escoitada a proposta do decano/a, se a houberse, a elección para ocupar os postos das comisións realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade.

DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 26

A comisión permanente da Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O decano/a.
- b) Os vicedecanos/as e o secretario/a, que tamén o será da Comisión permanente.
- c) Tres membros electos do persoal docente e investigador funcionario.
- d) Un membro electo do persoal docente e investigador non funcionario.
- e) Tres membros electos do estudiantado.
- f) Un membro electo do persoal de administración e servizos.

ARTIGO 27

Son competencias da Comisión permanente:

- a) O estudo, asesoramento e proposta de solucións en todos aqueles asuntos que o decano/a ou a Xunta de Facultade someta á súa consideración.
- b) As decisións que adopte nos asuntos de trámite.
- c) O estudo do orzamento da Facultade e a proposta anual de distribución económica para o seu debate na Xunta de Facultade.
- d) O coidado do cumprimento dos acordos adoptados na Xunta de Facultade.
- e) A selección de alumnado ou de P.D.I. para actividades externas ou de representación da Facultade.
- f) A aprobación de presentación de solicitudes de “Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural”
- g) Aprobación dos tribunais da materia Tralaballo de Fin de Grao (TFG) para a convocatoria Extraordinaria de Fin de Carreira.
- h) As atribuídas por outras normas de rango superior.

ARTIGO 28

A Comisión permanente poderase reunir con carácter ordinario e extraordinario. Con carácter ordinario reunirase polo menos unha vez ao trimestre, e, con carácter extraordinario, a iniciativa do decano/a ou cando o solicite un 25% dos seus membros.

ARTIGO 29

A convocatoria das reunións da Comisión permanente rexerese polo establecido no artigo 21.4 deste regulamento.

Os acordos da Comisión permanente adoptaranse por asentimento coa proposta do decano/a ou en votación por maioría simple dos presentes.

Non poderán adoptarse acordos se no momento da votación non estivesen presentes, cando menos, un terzo dos membros da comisión.

As votacións realizaranse de acordo co procedemento establecido no artigo 14.3 deste regulamento.

ARTIGO 30

Na convocatoria da Comisión permanente deberán figurar os puntos da orde do día, que incluírán: a aprobación da acta anterior, o informe do decano/a e o apartado de rogos e preguntas.

Calquera membro da comisión permanente poderá presentar diante desta mocións de palabra ou por escrito, que serán debatidas como rogos e preguntas cando non se refiran aos puntos na orde do día.

DA COMISIÓN ACADÉMICA

ARTIGO 31

A Comisión Académica estará composta por:

- a) O Decano/a.
- b) O Vicedecano/a correspondente
- c) O Vicedecano/a do Plan de Acción Titorial (PAT)
- d) O Vicedecano/a de Calidade
- e) O coordinador/a da titulación de Grao
- f) Os coordinadores/as dos catro cursos do Grao
- g) O Secretario/a do Centro.
- h) Un membro electo do persoal docente e investigador con vinculación NON permanente.
- i) Tres membros electos do estudantado.
- j) Un membro electo do persoal de administración e Servizos.

De entre os membros da comisión elixirase un secretario/a.

ARTIGO 32

Son funcións da Comisión Académica:

- a) A elaboración de propostas de organización académica da titulación.
- b) A mediación e, se é posible, resolución dos conflitos xerados na actividade docente do centro.
- c) A elaboración de criterios para resolver as validacións.
- d) A resolución de validacións.
- e) A realización do seguimento do plan de estudo correspondente e a realización de propostas concretas sobre a modificación deste.
- f) A coordinación das materias dos diferentes niveis ou cursos.
- g) O coidado do exercicio do dereito do estudantado á revisión de exames antes de que as cualificacións sexan definitivas, tal e como recolle o artigo 101 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
- h) A proposición de medidas de mellora da calidade.
- i) A elaboración das normativas pertinentes para o bo funcionamento das instalacións da Facultade. Será imprescindible a elaboración de tres normativas de funcionamento: Normativa de uso e funcionamento de obradoiros multiuso; Normativa de espazos de instalacións; e Normativa de utilización e préstamo de material.
- j) Aquelas outras que lle sexan asignadas oportunamente pola Xunta de Facultade.

ARTIGO 33

Os conflitos que son competencia desta comisión faranse chegar a través dos cauces regulamentarios para tal fin.

ARTIGO 34

A comisión reunirse cando o seu presidente/a ou o a Xunta de Facultade o determinen ou cando o solicite un cuarto dos seus membros.

DA COMISIÓN DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS, CULTURA E ACTIVIDADES

ARTIGO 35

A Comisión de Relacións Internacionais, Cultura e Actividades estará composta por:

- a) O Decano/a.
- b) O Vicedecano/a correspondente
- c) O Secretario/a do Centro.
- d) O Coordinador/a Erasmus.
- e) Tres membros electos do persoal docente e investigador con vinculación permanente.
- f) Un membro electo do persoal docente e investigador con vinculación non permanente.
- g) Dos membros electos do estudantado.
- h) Un membro electo do persoal de administración e Servizos.

De entre os membros da comisión elixirase un secretario/a.

ARTIGO 36

Son funcións da Comisión de Relacións Internacionais, Cultura e Actividades:

- a) A elaboración da proposta anual de actividades artísticas e complementarias da Facultade de Belas Artes.
- b) A procura dos recursos económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) O fomento da participación de todos os membros da Facultade nas actividades complementarias programadas.
- d) Levar a cabo o contrato de estudos dos estudantes enviados.
- e) Avaliar e cualificar as estadias dos estudantes enviados.
- f) Elaborar propostas de mobilidade (asinar novos acordos de intercambio, modificacións dos existentes) no marco de programas de intercambios internacionais desenvolvidos no centro.
- g) Elaborar informes sobre a selección de estudantes e sobre as avaliacións das súas estadias.
- h) Nomear entre o profesorado comisións de selección de estudantes enviados ás universidades de intercambio.
- i) Asesorar sobre calquera outro tema relacionado coas relacións internacionais do centro que o responsable de relacións internacionais someta á súa consideración.

ARTIGO 37

A comisión reunirse cando o seu presidente/a ou a Xunta de Facultade o determinen ou cando o solicite un cuarto dos seus membros.

TÍTULO IV DO DECANO

CAPÍTULO I: DA ELECCIÓN DO DECANO/A

ARTIGO 38

A elección do decano/a farase de conformidade co disposto nos artigos 50, 51, 52, 55, 56 e 65 dos Estatutos da Universidade de Vigo, e a Normativa da Universidade de Vigo para a Elección de decanos/as e directores/as de centro.

ARTIGO 39

Concluído o mandato electoral dun decano/a, producido o seu cesamento a pedimento propio, por perda das condicións necesarias para ser elixido, ou por aprobación dunha moción de censura, abrírase o proceso electoral, para o cal o reitor/a:

- a) Confirmará o decano/a, en funcións, ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido.
- b) Autorizará o decano/a en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de quince días á data de celebración da votación, convocatoria que será publicada nos taboleiros electorais da Facultade.

ARTIGO 40

As persoas elixibles como decano/a obterán a condición de candidatos/as mediante a presentación no rexistro da Facultade da correspondente solicitude, onde, ademais dos datos persoais, sinalarán as persoas que ocuparán os cargos de vicedecanos/as e de secretario/a.

ARTIGO 41

Na Facultade haberá unha Xunta Electoral que fará a proclamación de candidatos/as e resolverá todas as cuestións que se deriven do proceso electoral.

ARTIGO 42

A Xunta Electoral da Facultade estará integrada por:

- a) O decano/a en funcións, que a preside.

- b) O secretario/a, que actuará como secretario/a da mesma.
- c) Un membro do persoal docente e investigador, outro do persoal de administración e servizos e un estudante, designados por sorteo público no que tamén se elixirán os seus suplentes.

ARTIGO 43

A convocatoria de eleccións farase pública no taboleiro electoral da Facultade previa autorización polo decano/a en funcións, e conterà o seguinte:

- a) Constitución da Xunta Electoral.
- b) Exposición de censos provisionais.
- c) Prazo de reclamación aos censos provisionais.
- d) Exposición de censos definitivos.
- e) Prazo de presentación de candidaturas.
- f) Data de proclamación provisional de candidatos/as.
- g) Prazo de presentación de reclamacións.
- h) Data de proclamación definitiva de candidatos/as.
- i) Data de votación.

ARTIGO 44

1. As solicitudes dirixiranse ao presidente/a da Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, nunca inferior a tres días hábiles.
2. No día seguinte á finalización do prazo ao que se refire o apartado anterior, a Xunta Electoral publicará a lista provisional de candidatos/as, contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles, que serán resoltas no día hábil seguinte, coa publicación da relación definitiva de candidatos/as.

ARTIGO 45

A Xunta de Facultade reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, estará presidida polo decano/a en funcións, quen outorgará un espazo de quince minutos a cada un dos candidatos/as para que expoñan o seu programa, e deseguido, noutros quince minutos, respondan as preguntas que se lles formulen.

No caso de que o decano/a en funcións sexa candidato/a, a Xunta de Facultade será presidida polo profesor/a máis antigo segundo prelación dos corpos. Rematadas as intervencións procederase á votación, que será nominal e secreta.

ARTIGO 46

Rematado o escrutinio, resultará elixido aquel dos candidatos/as que obteña a maioría simple dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada esta maioría, celebrarase unha segunda votación na cal resultará elixido aquel dos candidatos/as que obteña maior número de votos. No caso de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos/as, será elixida/o o máis antigo segundo prelación de corpos. Se hai un único candidato/a, ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.

ARTIGO 47

Finalizada a votación, o secretario/a da Facultade levantará a correspondente acta, que recollerá todas as incidencias e o resultado do escrutinio; resultado que o presidente/a da sesión elevará ao reitor/a para que se dite a resolución de nomeamento correspondente.

CAPÍTULO II: REVOGACIÓN DO DECANO/A

ARTIGO 48

1. O decano/a poderá ser revogado por unha moción de censura, que deberá ser presentada por escrito na secretaria da Facultade. Terá que estar avalada por un mínimo dun terzo dos membros da Xunta de Facultade e deberá conter o nome dun candidato/a alternativo ao decano/a, xunto co seu equipo.
2. O decano/a estará obrigado a convocar unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade cun só punto na orde do día dentro dos seguintes 15 días lectivos á recepción da moción no rexistro da Facultade. Nos catro primeiros días deste prazo poderanse presentar outras mocións alternativas.

ARTIGO 49

Na sesión da Xunta de Facultade dedicada á moción de censura darase a palabra durante un tempo máximo de trinta minutos aos candidatos/as alternativos, que deberán responder ás preguntas e observacións que se lles formulen. A continuación procederá de igual forma co decano/a, a quen se lle presenta a revogación. Tras a súa intervención procederá á votación, que será nominal e secreta.

ARTIGO 50

A moción de censura será aprobada se obtén os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. En tal caso, o decano/a comunicarllo ao Reitor/a no día seguinte hábil para que se proceda ao novo nomeamento, e seguirá en funcións o decano/a revogado ata a toma de posesión do novo.

ARTIGO 51

Se a moción é rexeitada, ningún dos seus asinantes poderá subscribir outra no ano académico en que se presentou.

TÍTULO V

DAS PUBLICACIÓNS DE CUALIFICACIÓNS E REVISIÓN DE EXAMES

ARTIGO 52

Unha vez finalizado o período lectivo do ano académico correspondente e realizado o exame da materia segundo determine o calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade, o profesor/a que imparta a materia ou as materias do plan de estudo terá que facer públicas as cualificacións provisionais da materia ou materias impartidas. As cualificacións faraaas públicas o responsable da materia nunha lista oficial nos lugares previstos para tal efecto no centro.

ARTIGO 53

As cualificacións provisionais obtidas polos estudantes deberán ser publicadas antes de que transcorra un período máximo de trinta días despois da realización do exame e, en calquera caso, sete días antes da realización doutro exame da materia ou do establecemento da cualificación final.

ARTIGO 54

Nas cualificacións provisionais deberán constar os seguintes datos:

- a) Nome da materia.
- b) Grupo e curso.
- c) Nome do profesor/a
- d) Nome e cualificación obtida de todos os alumnos/as matriculados na materia.
- e) Data de realización do exame.
- f) Data da publicación das cualificacións provisionais.
- g) Data, horario e lugar da revisión das cualificacións provisionais. A data/s de revisións fixaranse entre o segundo e sétimo día tras a publicación.
- h) Sinatura do profesor/a.

ARTIGO 55

Rematado o prazo de revisión das cualificacións provisionais, o profesor/a publicará as cualificacións finais e entregará as actas na secretaría nun prazo máximo de oito días dende a publicación das cualificacións provisionais.

ARTIGO 56

Nas cualificacións finais deberán constar os seguintes datos:

- a) Nome da materia.
- b) Curso.
- c) Nome do profesor/a.
- d) Nome e cualificación de todos os alumnos/as matriculados na materia.
- e) Data da publicación das cualificacións finais da materia.
- f) Sinatura do profesor/a.

ARTIGO 57

As cualificacións consideraranse definitivas 15 días despois da data da publicación das cualificacións finais e da entrega da/s acta/s de cualificacións na secretaría da Facultade.

ARTIGO 58

Nestes 15 días o alumno/a que o considere oportuno poderá solicitar a revisión do exame segundo o artigo 18 do Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo.

TÍTULO VI DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 59

A reforma do Regulamento deberá ser proposta polo decano/a ou por un mínimo do 30% dos membros da Xunta de Facultade. Deberá conter o texto articulado que se propoña como cambio e a motivación en que se fundamente.

ARTIGO 60

1. A proposta de Reforma será sometida a votación na Xunta de Facultade, que decidirá por maioría absoluta se a proposta é tida en conta.
2. Se a proposta é tomada en consideración abrirase un prazo de quince días naturais para a presentación de emendas, que serán discutidas e votadas nunha Xunta de Facultade; realízase unha votación conxunta sobre unha proposta definitiva que ten que ser aprobada por maioría absoluta.
3. Se a proposta fose rexeitada, non poderá volver presentarse no prazo mínimo dun ano.

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte á súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Aprobado en Xunta de Facultade do 25 de xaneiro de 2006

Informe favorable da Asesoría Xurídica do 6 de febreiro de 2006

Aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 10 de maio de 2006

Reformado en Xuntas de Facultade de 27 de abril, de 19 de outubro e de 7 de novembro de 2016

Aprobado en Consello de Goberno de 24 de novembro de 2016